

Instrución VI /2008 da Xerencia sobre vacacións e días de asuntos particulares do persoal que percibe as súas retribucións con cargo ao Capítulo VI

O Estatuto Básico do Empregado Público, (Lei 7/2007 de 12 de abril), no seu artigo 48 e seguintes, ven a regulamentar determinados dereitos de forma conxunta para o persoal de réxime funcional e para o persoal laboral; dereitos que poden ser exercitados sen distinción de réxime dende a entrada en vigor do dito Estatuto.

Non obstante e sendo preciso clarexar determinados extremos para a aplicación ao persoal que percibe as súas retribucións con cargo ao Capítulo VI dos orzamentos da Universidades, estimase conveniente ditar a seguinte instrución,

Primeiro.- Vacacións

Para os traballadores que perciban a súas retribucións con cargo as partidas do Capítulo VI dos orzamentos da Universidade, as vacacións anuais serán dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles por ano completo de servizo ou en forma proporcional ao tempo de servizos efectivos. Para estes efectos non se considerarán como días hábiles os sábados.

Segundo.- Días de asuntos particulares

Os traballadores que perciban a súas retribucións con cargo as partidas do Capítulo VI dos orzamentos da Universidade, disporán para o ano 2008, de 6 días de asuntos particulares; que poderán dispoñer deles sempre e cando as necesidades do servizo o permitan e trala autorización do responsable do centro de gasto ao que estea vinculada a partida orzamentaria.

Os días que correspondan a cada traballador serán proporcionais ao tempo de servizos efectivos.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2008

O Xerente

Pedro García Moreno